

OBRA E AUTOR : *La voz dormida.- Dulce Chacón (2002)*



DE QUE VAI

: Narra unha historia de mulleres, de mulleres perdedoras nun cárcere inmundo da posguerra española, onde sobreviven á crueldade das carcereiras por dignidade, por coraxe, para deixar constancia a través do seu testemuño e homenaxear así ao papel desempeñado por moitas mulleres nos momentos decisivos da guerra civil española e dos seguintes anos de dura represión...

TÍTULO

: Ningún debate se produciu en torno á elección do título da obra, porque plasma á perfección os sentimentos que nos produciron as historias destas valentes mulleres, que como ben definiu unha das nosas sabias estaban "*durmidas pero non caladas*", mulleres obrigadas a gardar silencio, a rir para non chorar, a chorar para non berrar, coa voz anestesiada, sempre durmida.

ESTRUTURA

: A obra consta de 3 partes claramente diferenciadas:

- A primeira consta de trinta e cinco capítulos. Nesta parte o tempo transcorrido é moi breve e a autora recrease nos personaxes, aos cales imos coñecendo e sabendo en que situación se encontra cada un e por que. Aquí tamén coñecemos moitos dos espazos nos que transcorren os feitos.

- A segunda parte, que é a máis breve, está dividida en dezaioito capítulos. É nesta parte onde Hortensia coñece a súa sentenza e sabe que vai vivir ata que a nena naza. A parte remata co fusilamento de Hortensia.

- A terceira parte ten trinta e dous capítulos e é a parte na que o tempo pasa máis á présa, xa que abrangue dezaioito anos mentres que nas outras só transcorren uns poucos meses. A medida que esta parte avanza imos coñecendo pouco a pouco o desenlace que ten cada personaxe e finaliza coa marcha a Córdoba de Jaime e Pebida.

A voz durmida está contada de forma lineal, aínda que hai flashbacks debido a que os personaxes fan continuas alusións ao pasado mostrándonos deste xeito as razóns polas cales se encontran agora nesta situación.

ARGUMENTO

: O libro conta a historia de catro mulleres: Hortensia, Reme, Tomasa e Elvira, que coinciden no cárcere de mulleres de Vendas nos duros anos da primeira posguerra. A obra, que ten como fío condutor a Pepita, a irmá de Hortensia, vainos debullando a vida cotiá no cárcere, pero tamén nos leva a coñecer a vida anterior de cada unha, os motivos que as levaron ao cárcere, os seus pensamentos, ilusións, recordos, sentimentos... todo iso da man dun narrador cómplice que mima o lector e os personaxes. Os capítulos son curtos, as palabras están elixidas con coidado, e todo -personaxes, tempos, recordos, realidades, futuro- técese con delicadeza formando unha rede a noso redor da que non podemos escapar.

CONCLUSIÓNS

A voz durmida é sen dúbida un fiel reflexo do sufrimento, as torturas e as humillacións que padeceron as mulleres que perderon a guerra, mulleres que sufriron dobremente, xa que ademais de sufrir o retroceso xeral da sociedade perderon uns valores e dereitos que tanto lles custou gañar. Pero sobre todo móstranos como a pesar das torturas e pésimas condicións nas que tiveron que vivir non renunciaron aos seus ideais e crenzas. Dende o cárcere ou recuperada a liberdade seguiron loitando por unha causa que crían que era xusta,



Faladoiro Literario.

Asociación Cultural Herminio Barreiro

Asociación cultural
Herminio Barreiro de
Ribadumia

expoñéndose en cada momento a ser condenadas por persoas sen escrúpulos que non dubidaban en castigalas do xeito máis brutal e cruel posible. Aínda así, nunca perderon a dignidade e mantiveron a lealdade cara ás súas compañeiras non delatándoas aínda que iso lles custase a morte ou un sufrimento indicible. Así, unha das protagonistas da brutal malleira que lle deron perdeu un ollo, pero non pronunciou ningún nome. Outra morreu a golpes mentres a garda civil intentaba que confesase... En "A voz durmida" móstrárenos a mulleres valentes que non quixeron quedar caladas, aínda que logo as obrigasen a gardar silencio, mulleres loitadoras que a pesar da brutal forma como foron maltratadas polo franquismo nunca perderon a esperanza de que algún día se faría xustiza. Mulleres que loitaron para que hoxe nos sintamos orgullosas delas e sobre todo, orgullosas de ser mulleres.

A voz durmida é un libro impactante. Cheo de personaxes cos que é imposible non sentir empatía, choralos e axudalos a contar e amplificar a outra parte da historia, a que non aparece nos libros de texto e moitos se empeñan en esquecer e obrigarnos a que a esquezamos.

E mentres falabamos de todo isto, fomos tendo de vez fondos debates que por momentos se tornaron tensos poñendo de manifesto a riqueza do nosos faladoiro, con varias xeracións presentes e outros tantos puntos de vista, arredor dos grandes temas do libro. Temas cuxa vixencia e controversia seguen en pé hoxe en día, nalgúns casos con máis forza que nunca. Foron saíndo os bandos na guerra civil, a república, o franquismo, a lei da memoria histórica e o papel da muller no século XXI entre outros temas que encaramos con paixón, e así fomos debullando un período histórico e unha obra na que só estivemos de acordo no que nos gustara, no que nos emocionara e no que nos fixera pensar a todas.